



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Educación inclusiva e multicultural			Código	652G02016
Titulación	Grao en Educación Primaria				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Núñez Mayan, María Teresa	Correo electrónico	teresa.nunez.mayan@udc.es		
Profesorado	Núñez Mayan, María Teresa	Correo electrónico	teresa.nunez.mayan@udc.es		
Web	http://www.educacion.udc.es/				
Descrición xeral	<p>Para comprender de xeito holístico o cometido da Educación Inclusiva e Multicultural perante as xeracións máis novas de escolares da nosa sociedade, e para podermos contribuir á construción crítica deste cometido, cabe situar este ámbito de formación e investigación --tanto as aproximacións conceptuais como as conexións entre teoría e práctica pedagóxica-- no amplo, complexo e dinámico contexto histórico de desenvolvemento das sociedades e da convivencia humana no mundo actual. Este "enmarcamento" da asignatura de Educación Inclusiva e Multicultural tenta transcender as focaxes que se limitan a abordar a cultura escolar da etapa de Infantil, ou os procesos de aprendizaxe dentro da institución educativa en si, e pouco máis. Máis que iso, procura revelar as conexións que ten este corpo de coñecementos con outros ámbitos de educación e con outras esferas de produción socio-cultural, como son: a educación no seo da familia, as expresións de cultura popular e a formación da identidade nas comunidades tanto locais como globais, o rol dos medios de comunicación na súa produción e reprodución destes procesos, do sistema económico capitalista (cada vez máis globalizado e neoliberal), da política dos estados-nación e do ámbito transnacional das migracións, dos dereitos humanos, dun medioambiente finito, das relixións, dos pobos, dos xéneros, das sexualidades, da dis/capacidade, e doutros factores determinantes da diversidade humana.</p> <p>Desde este marco "glocal", educar para a xustiza intercultural e o acceso igualitario áos bens das democracias --acceso a un sistema educativo que optimice a formación intelectual e o desenvolvemento persoal de todas e cada unha das mentes novas-- é un labor relacional e transversal que emerge e participa destes múltiples ámbitos sociais solapados, e que pode e debe incidir neles para fomentar ditos dereitos. Require, polo tanto, unha pedagogía que abarque contidos e temas curriculares reveladores das desigualdades, exclusións e opresións, e construtores da "igualdade na diversidade". Esta formación ten connotacións éticas e/ou controvertidas, e comprende procesos organizativos e didácticos colaboradores, colectivizantes e transformadores, que establezan pontes entre a necesaria reflexión teórica e a imprescindible posta en práctica. Así mesmo, precisa dunha orientación crítica sobre as relacións humanas que sexa á vez intrapersoal (auto-reflexiva) e interpersoal, e tanto intergrupal como colectivo-global.</p> <p>As grandes liñas de estudo inclúen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Globalización e curriculum na Educación Primaria, e formas interculturais de representación e participación igualitaria na etapa de Primaria. - Multiculturalismo, prexuízos, estereotipos, racismo, xenofobia e outros tipos de discriminación e exclusión nas institucións escolares. - Modelos de Educación Inclusiva, Multicultural, Intercultural e Anti-Racista. - Atención á diversidade cultural e funcional, e a inclusión na escola: minorías étnicas, inmigrantes, emigrantes e alumnado con diversidade funcional. - Estratexias didácticas de atención á diversidade e de educación inclusiva na etapa de Educación Primaria. 				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
--------	----------------------------



A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.
A3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A8	Coñecer os fundamentos da educación primaria.
A9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
A10	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actividade educativa.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A12	Abordar e resolver problemas de disciplina.
A13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais.
A16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A18	Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade.
A21	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar no período 6-12.
A22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.
A23	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A28	Valorar as ciencias como un feito cultural.
A29	Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para procurar un futuro sustentable.
A34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
A35	Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.
A37	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
A60	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
A61	Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
A62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A63	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.
A64	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
A66	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se podan establecer nun centro.
A68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.



B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.
B20	Relación con diversos interlocutores sociais.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Familiarizarse coas das diversas tradicións intelectuais e políticas da Educación Inclusiva, Educación Multicultural, Educación Intercultural e os Estudos Culturais, e os aspectos máis relevantes destes campos de investigación para a etapa de Educación Primaria, ao entrar en contacto coas fontes bibliográficas, audiovisuais e informativas fundamentais no ámbito da Educación Inclusiva e Multicultural.	A5 A6 A8 A10 A11 A13 A14 A15 A23 A28 A29 A34 A35 A37	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B11 B19 B20	C3 C4 C6 C8
Situará estas tradicións na evolución das concepcións e das políticas históricas da mestizaxe, da contaminacións transculturais, por unha banda, e por outra banda, o peche cultural e as resistencias da comunidades e dos individuos á comprensión do ?outro?, do ?descoñecido?, ?do que non é propio?, que pode conlevar a actitudes exclusivas (racismo, etnocentrismo, imposicións lingüística, xenofobia, sexismo, a homofobia, extremismos políticos e/ou relixiosos, etc) e outras expresións de discriminación, opresión e marxinação?.	A1 A2 A6 A9 A15 A18	B1 B3 B4 B5 B6 B9 B11 B15 B16 B18	C4 C6



Afondar na importancia tanto profesional como social dos aspectos ético-axiolóxicos da Educación Inclusiva e Multicultural para a etapa de Educación Primaria, ao desenvolver actitudes á vez críticas e solidarias fronte á diversidade humana nas comunidades educativas, e ao adquirir e fomentar valores tanto universais como particulares relacionados con: a empatía, o respecto, a dignidade humana e os dereitos humanos, o apoio mutuo, a reciprocidade, a colaboración, a inclusión dos excluídos, a participación igualitaria e democráticas na vida pública do centro, as "virtudes comunicativas", e a organización pacífica e xusta da sociedade multicultural, entre outros valores e aspectos que atinxen á xustiza intercultural e a solidariedade.	A3 A5 A9 A11 A14 A22 A23	B1 B3 B16 B17	C4 C7 C8
Comprenderá que a Educación Inclusiva e Multicultural supón un corpo de coñecementos inacabados, mutables, e continuamente negociados, non un paradigma pechado ou monolítico, polo que debe derivar no desenvolvemento dun xuízo (ou disposición) profesional flexíbel e crítico.	A9 A10 A23 A65 A66 A68	B3 B5 B6 B8 B9 B16 B17 B18	C4 C5 C7 C8
Apreciará a importancia tanto profesional como social dos aspectos ético-axiolóxicos da Educación Inclusiva e Multicultural para a etapa de Educación Primaria, ao desenvolver actitudes á vez críticas e solidarias fronte á diversidade humana nas comunidades educativas, e ao adquirir e fomentar valores tanto universais como particulares relacionados con: a empatía, o respecto, a dignidade humana e os dereitos humanos, o apoio mutuo, a reciprocidade, a colaboración, a inclusión dos excluídos, a participación igualitaria e democráticas na vida pública do centro, as "virtudes comunicativas", e a organización pacífica e xusta da sociedade multicultural, entre outros valores e aspectos que atinxen á xustiza intercultural e a solidariedade.	A64 A65 A66 A68	B1 B14 B15 B16 B17 B19	C3 C4 C7 C8
Comprender, analizar e avaliar os principais contidos, recursos, estratexias e ámbitos de intervención abordados desde a Educación Inclusiva e Multicultural: contidos culturalmente inclusivos e interculturais, a organización democrática da aula e do centro, a inclusión e promoción das perspectivas e voces minoritarias e/ou desfavorecidas socialmente, a análise crítica dos documentos e medios de comunicación-aprendizaxe, a mediación e resolución pacífica de conflitos, a aprendizaxe cooperativa e os xogos cooperativos, a globalización do curriculum, a colaboración intersectorial, o poder do desenvolvemento tecnolóxico para a aprendizaxe intercultural e a conectividade, etc.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A21 A60 A61 A62 A63 A64 A65 A66 A68	B1 B5 B7 B9 B14 B15	C8



Iniciarse na aplicación dos coñecementos pedagóxicos, na planificación, na posta en práctica das principais estratexias e recursos didácticos (curriculares, metodolóxicos, organizativos e dinamizadores) desenvolvidos desde a Educación Inclusiva e Multicultural para a etapa de Educación Primaria.	A5	B3	C4
	A6	B5	C8
	A17	B17	
		B18	
		B19	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A DIVERSIDADE CULTURAL E FUNCIONAL NAS SOCIEDADES CONTEMPORÁNEAS E A SÚA RELEVANCIA PARA A EDUCACIÓN EN PRIMARIA	<p>1.1. Manifestacións da diversidade cultural e funcional, e o seu papel nos estados democráticos e os seus sistemas educativos. Algúns conceptos relativos ás ideas incluídas e exclusivas desde parámetros históricos, sociolóxicos, económicos, antropolóxicos, políticos, filosóficos, lingüísticos, relixiosos, mediáticos e pedagóxicos.</p> <p>1.2. O papel da Educación Primaria na configuración de valores a prol da liberdade, das convivencias equitativas, e do rexeitamento das discriminacións e das prácticas inxustas.</p> <p>1.3. Algúns conceptos centrais a debate: globalización, diversidade cultural (lingüística, relixiosa, étnica, etc.), diversidade funcional (dis/capacidades), empoderamento, multiculturalidade/multiculturalismo, nacionalismo, interculturalidade/interculturalismo, pluralidade/pluralismo, bi/multilingüismo, sustentabilidade ambiental, cosmopolitismo, convivencia, democracia, igualdade, equidade, liberdade, xustiza social, dereitos (humanos, civís, etc.), identidade, recoñecemento, inclusión, representación, participación, integración, reparto de bens, poder social relativo.</p> <p>1.4. Dinámicas que ameazan a xustiza intercultural e a convivencia equitativa nas sociedades multiculturais: prexuízos, estereotipos, sesgos, distincións, racismos, xenofobia, e a súa interacción con outros procesos de discriminación, opresión, marxinação e exclusión que comezan nos primeiros anos de vida, como o sexismo, o clasismo, a homofobia, etc.</p>
2. MARCOS CONCEPTUAIS PARA A CONCIACIÓN: ENTRE AS CARACTERÍSTICAS DA ETAPA EDUCATIVA DE PRIMARIA E OS MODELOS DE INTERVENCIÓN NA ESCOLA	<p>2.1. Epistemoloxía dos modelos: segundo as épocas, os colectivos de referencia, as zonas xeográficas de investigación, as disciplinas académicas de investigación e as ideoloxías subxacentes.</p> <p>2.2. Antecedentes: o internacionalismo da UNESCO, os movementos polos dereitos humanos e civís, a política compensatoria e a discriminación positiva.</p> <p>2.3. O anti-racismo e a anti-discriminación.</p> <p>2.4. As correntes de Educación Multicultural: pluralismo, asimilación, empoderamento, educación bilingüe, e influencias da Pedagogía Crítica e da Educación Intercultural.</p> <p>2.5. A interculturalidade: un reto ao marco multiculturalista.</p> <p>2.6. O recente campo dos Estudos Culturais e a súa relación coa Pedagogía Crítica, a Educación Multicultural Crítica e a Educación Intercultural e Inclusiva.</p> <p>2.7. Visión global dos marcos conceptuais e legais da inclusión social e escolar (UNESCO, Constitución, LOE): converxencias e diverxencias.</p> <p>2.8. Modelos de inclusión e exclusión social e escolar: percorrido da Educación Especial, do "mainstreaming" (integración), da Educación Compensatoria, e da Educación Inclusiva como actual resposta a unha "integración" moi deficiente do alumnado con discapacidade.</p> <p>2.9. Máis alá da "inclusión": a convivencia multidireccional como proposta de futuro.</p>



<p>3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CULTURAL E FUNCIONAL NA POLÍTICA EDUCATIVA E NA SOCIEDADE</p>	<p>3.1. Tratamento escolar e social do alumnado con NEE e NEAE e Colectivos que poden ser obxecto de exclusión social ou escolar: minorías étnicas, emigrantes, inmigrantes,</p> <p>3.2. Colectivos de referencia: o alumnado composto por minorías étnicas (xitanidade), pobos con aspiracións nacionalistas (na Galiza, no País Basco e en Cataluña), emigrantes, inmigrantes, persoas con discapacidade, grupos maioritarios ou dominantes; os familiares do alumnado; o profesorado; outros axentes da institución escolar; axentes comunitarios.</p> <p>3.3. Prácticas das institucións sociais e as familias no proceso de fornecer ou debilitar a inclusión social e escolar.</p> <p>3.4. Políticas, programas e medios dirixidos á atención á diversidade humana nos primeiros anos de escolarización: medidas escolares (acolida, adaptación do curriculum, optatividade, etc.) e de formación do profesorado.</p> <p>3.5. Situación actual da atención á diversidade na Educación Primaria.</p> <p>3.6. Luces e sombras nas aproximacións actuais á atención á diversidade na Educación Infantil.</p>
<p>4. ORGANZIACIÓN DO CENTRO E DAS PRÁCTICAS PEDAGÓXICAS PARA DAR RESPONSTAS A PROL DO DESENVOLVEMENTO DE ESCOLAS INCLUSIVAS</p>	<p>4.1. Globalización do curriculum na Educación Primaria: formas interculturais e transversais de ensinanza, aprendizaxe, representación, inclusión, participación, integración e interrelación nos primeiros anos de escolaridade. O valor dos proxectos de aprendizaxe interdisciplinares e inter-idade, e doutros métodos para diversificar e maximizar o acceso ao curriculum oficial para colectivos con necesidades educativas ben diferentes entre si (falantes de linguas non designadas como vehiculares no ensino; cativos procedentes de ámbitos desfavorecidos; ou nenas e nenos con distintas discapacidades).</p> <p>4.2. O valor da aprendizaxe cooperativa en grupos mixtos, como técnica esencial para o traballo desde a perspectiva da inclusión do alumnado con NEAE, levado a cabo desde parámetros da intervención interprofesional.</p> <p>4.3. Organización da estrutura escolar de acordo cos principios da escola inclusiva: respostas dos órganos do centro escolar; o acercamento da escola ás familias; a colaboración intersectorial; e a democratización das estruturas organizativas, participativas e interactivas na escolarización temperá para desestabilizar a cultura escolar tradicionalmente competitiva, homoxeneizante e excluínte.</p> <p>4.4. Experiencias e prácticas das escolas inclusivas.</p> <p>4.5. Educar en valores como o respecto, a empatía, o apoio mutuo, a solidariedade, o saber escoitar, a igualdade, o reparto equitativo dos bens, o sentido da xustiza, a non-violencia, etc.</p> <p>4.6. Fomentar a inclusión e o empoderamento do alumnado procedente de grupos minoritarios mediante o recoñecemento e a incorporación constantes das súas perspectivas, experiencias, capacidades e outros aspectos identitarios (p. ex. lingüísticos), sempre implicando ao alumnado maioritario nestes procesos. Medios didácticos efectivos para este fin.</p> <p>4.7. Claves para unha formación intercultural, inclusiva e anti-discriminación do profesorado, e o valor da colaboración inter-profesional (entre sectores de profesorado e outros axentes).</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	0	21



Análise de fontes documentais	3	25	28
Aprendizaxe colaborativa	3	25	28
Estudo de casos	3	10	13
Discusión dirixida	3	0	3
Foro virtual	1	2	3
Xogo de rol (role playing)	2	0	2
Presentación oral	1	5	6
Investigación (Proxecto de investigación)	3	25	28
Proba mixta	2	15	17
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da docente, e con apoio de recursos audiovisuais, de contidos relacionados co temario da materia.
Análise de fontes documentais	Lectura e análise da documentación seleccionada como obrigatoria para traballar a materia.
Aprendizaxe colaborativa	Consistirá en dinámicas de grupos variadas, que se empregarán nos debates, na análise das fontes realizada en grupo, nos traballos tutelados e na presentación oral.
Estudo de casos	Metodoloxía na que o suxeito é confrontado coa descrición dunha situación específica cun problema a ser entendida, valorada e determinada por un grupo de persoas a través dun proceso de discusión. O alumnado está perante un problema concreto que describe unha situación real de traballo, e debe ser capaz de analizar unha serie de eventos relativa a un determinado campo de coñecemento ou acción para acadar unha decisión fundamentada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Discusión dirixida	Na clase debatirase sobre varios contidos estudados e analizados, tomando como referencia diferentes tipos de fontes documentais.
Foro virtual	Posíbel utilización de distintas modalidades de comunicación virtual (Moodle, wikis, redes sociais, Internet, gravacións audiovisuais, etc.) para facilitar o traballo colaborativo, o debate e os procesos de deliberación en xeral.
Xogo de rol (role playing)	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflictivas nas que intervieñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersonais, o comportamento, os valores e as actitudes.
Presentación oral	Exposición grupal dun guión do traballo de investigación, que terá lugar durante a semana anterior ao período festivo de Decembro-Xaneiro.
Investigación (Proxecto de investigación)	Realización en pequeno grupo dun traballo escrito, seguindo as orientacións dadas na aula e presentación oral do guión do mesmo. Prazo provisional: entrégase o día do exame final.
Proba mixta	A proba mixta consistirá nun exame, sen material, composto por preguntas de resposta breve e preguntas de desenvolvemento. Pode requirirse, ademais, a realización dun esquema ou mapa conceptual.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Investigación (Proxecto de investigación) Presentación oral	<p>A atención personalizada aplícase ás dúas actividades á esquerda, e realízase principalmente dentro da aula de clase, mais tamén fóra durante as titorías. Concíbese como momentos de apoio que o profesorado ofrece a cada alumna ou alumno a título individual. Irase concretando a medida que se realizan as actividades da materia, en función das necesidades detectadas.</p> <p>Aparte da atención personalizada, o profesorado apoiará ao alumnado de xeito colectivo nas actividades a seguir:</p> <ul style="list-style-type: none">- Na análise colaborativa tanto das lecturas básicas como doutras lecturas repartidas en clase. Tamén se fará uso de distintos recursos impresos elaborados por diversas institucións e artigos de prensa.- Nas sesións de deliberación coa participación do grupo-clase.- Na investigación que as distintas equipas de alumnado irán elaborando ao longo da materia, que terá como bases fundamentais: a pesquisa na que empregar fontes documentais en diversos formatos; o estudo de casos; e a recollida de información procedente de distintos entornos sociais e educativos.- Na reflexión colectiva e individual, que será complementaria coa información recollida nas fontes científicas.- Na idea de "practicar o que se predica": o alumnado traballará a maior parte do tempo en pequenos grupos, e cada grupo reflexionará sobre o reparto de tarefas e roles, e sobre os esforzos solidarios e cooperativos feitos dentro do grupo de cara a fomentar o apoio mutuo.- No traballo cooperativo nos pequenos grupos, que se levará a cabo tanto dentro como fóra da aula.
---	--

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>-----</p> <p>O traballo de investigación grupal terá como prazo de entrega o día do exame final (data provisional).</p> <p>Para avaliar o traballo escrito teranse en conta os aspectos a seguir:</p> <p>? Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva, e corrección gramatical (30%).</p> <p>? Contido: comprensión das ideas básicas, dominio conceptual, uso dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre, relacións entre eles (capacidade analítica), creatividade e innovación nas propostas, calidade da participación na preparación desta actividade, e grao de fundamentación das fontes (referencias bibliográficas e bibliografía final) (70%).</p> <p>.Forma: Deberanse ter en conta criterios de sustentabilidade ambiental.</p> <p>-----</p>	40
Presentación oral	<p>Na presentación participarán todos os membros do grupo.</p> <p>Valoraranse os aspectos a seguir:</p> <p>? Calidade da participación na preparación desta actividade.</p> <p>? Relevancia e organización dos contidos expostos.</p> <p>? Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes).</p> <p>? Nivel de comprensión dos contidos básicos.</p> <p>? Capacidade analítica e de síntese.</p> <p>? Claridade expositiva.</p> <p>? Creatividade e innovación nas propostas.</p> <p>-----</p>	10



Proba mixta	----- Na proba mixta especificarase o peso de cada pregunta. Nas preguntas de resposta breve teranse en conta a pertinencia e precisión da resposta, a claridade conceptual e a corrección gramatical. Nas preguntas de desenvolvemento teranse en conta a pertinencia e organización do contido, o dominio conceptual, a conexión entre ideas, a claridade expositiva, e a corrección gramatical. -----	50
-------------	--	----

Observacións avaliación

Para aprobar a materia será necesario acadar, como mínimo, unha puntuación de 4 (de 10) en cada unha das actividades avaliadas: dossier no que re recolle o proxecto de investigación I e exame final. As porcentaxes especificadas aplícanse ao alumnado asistente, que é aquel que asiste a clase nun 80% do horario. O alumnado non asistente terá que poñerse en contacto coa profesora, e para superar a materia realizará o exame final, que se ponderará en función do grao de participación nas demais actividades da materia. Na titoría a profesora indicará a bibliografía de referencia que debe usar este alumnado para a preparación do exame final.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías